

# **CabRaret**

**música para beeehr!**

**CabRaret** é un trío musical formado por unha contralto, un acordeonista e un contrabaixista.

Trátase dun espectáculo de **cabaret** onde o **humor** toma o relevo da música, nunha carreira na que a meta é divertir ao público e que os espectadores poidan disfrutar da **fanfarria**, mesturada cun pouco de **jazz**, unha pingas de **soul**, varios litros de **chanson** e un chisco de **tradición** para aromatizar o pentagrama.


Un paseo desde New Orleans a România, virando en Fisterra, baixando a Lisboa, seguindo ata Tánxer, subindo por Motril, enviando postais a Brasil e chegando a París despois de atravesar os Pirineos baixando en punto morto.





Unha viaxe doada para unha cabareteira e as súas dúas cabras (o seu home e o seu fillo) acostumados a repartir notas musicais desde o seu coche, un 4L.

## CabRaret!



O libro da familia CabRaret



# [IriA pinHeiRo] voz/guión/actriz

Licenciada en Psicopedagogía.

Traballa coma actriz dende o ano 1998.

Colaborou en numerosas curtametraxes (ata 13 títulos), participou en películas con directores coma Mario Iglesias, Ángel Santos ou Claudia Brenlla.

Habitualmente colabora coas compañías de teatro: Chévere, Elefante e Elegante, Gayo Pinheiro, Cía. Branca Novoneyra, etc. Tamén estivo na montaxe “As Dunas” do Centro Dramático Galego.



É coñecida pola súa labor en televisión (Pillados, O Programón, Luar, Supermáster, Zapping Comando...).

É principalmente no eido do cabaret, no que ten participado en numerosos proxectos propios e alleos: Détour, Churra e Merina, Ciclo Mércres no Solpor do museo Verbum...

Musicalmente é vocalista en Mosca Gogó (cabaret electrónico), e formou parte de grupos coma: Alfeizar ou Siesta Continental.

# [alBeRto rodRigueZ] **contrabaixo**

Licenciado en Filoloxía Inglesa.

Estudou contrabaixo no Conservatorio Superior de Música de A Coruña e na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, e tamén baixo eléctrico en Estudio, escola de música e en Aula Combo.

Completou a súa formación con mestres como: Wolfgang Harrer, Diego Zecharies, N.H. Orsted Pedersen, Ferrán Sala, Fernando Flores, Damián Arenas, Christoph Filler, Manuel Herrero, Alfonso Morán Roberto Terrón e Francisco Catalá.



Tocou, gravou ou colaborou con: Tonhito de Poi e Rasa Loba, Orquestra de Cámara Galega, Orquestra Sinfónica de Melide, Orquestra de Baile Terranova, Roi Casal, Ophiusa, Silvia Ferre, Alfredo Susavila, Roi Xordo, Nugajazz Quartet, Ovaced, Trío do Casino de Compostela, Carmen Dor, Banda Filarmónica de Galicia ou Orquestra Sinfónica Gallaecia, Suite Fa La, Banda de Música de Sta. Cruz.

Traballa como profesor particular e nos grupos PELdeNOZ, Embrace Me Ocean, La Otrabanda, Pé de Boi e Super-sandwich.

# [aLoNso CaXade] acordeón

Mestre con especialidade en Educación Musical, Infantil e Primaria, e Posgraduado en Música Tradicional Galega

Estudou acordeón no Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra e gaita de fol desde cativo en diferentes Asociacións Culturais.

Gravou para os discos: Galiza Sons Folk, Roi Xordo, Con Dignidade, Son de Galicia: Recopilatorio de Música Galega, Isolma (de GS21), Tiruriru (de Cuarteto Caramuxo) e Col. Casa de Música: PELdeNOZ.



Premio María Casares á Mellor Música Orixinal con Cuarteto Caramuxo por Vento Mareiro de Avelino González, e Premio Opinión (2º clas.) con Cuarteto Caramuxo por Tiruriru.

Tocou, gravou ou colaborou con: Roi Xordo, Ruxe-Ruxe, Nugajazz, The Homens, Pablo Seoane, Chévere, Cachirulo e tamén nos espectáculos infantís O Calcetín Amarelo e A Ratiña Laranxa.

Traballa como mestre de infantil nunha escola unitaria, da aulas de acordeón e toca no Cuarteto Caramuxo e en PELdeNOZ.



[cabraret@gmail.com](mailto:cabraret@gmail.com)

<http://www.myspace.com/cabraret>

[facebook](#)